

A Atención Primaria que queremos

A túa, cidadán



Accesible

Non sempre inmediata, pero con facilidade para unha cita. As ferramentas informáticas non son para persoas maiores, con dificultades polas limitacións sensoriais, cognitivas ou simplemente mecánicas. A esto chamamoslle "Edadismo" e queremos que non forme parte da nosa Atención Primaria. Apostamos polo bo trato en tódalas instancias da atención.



Amable, Humana.

Non queremos un robot para túa chamada, queremos unha persoa que te chame polo teu nome.



Coordinada

Na que todos os profesionais que traballamos no centro de saúde, e os que poidan incorporarse na nosa labor, poidamos ter o mesmo obxectivo: mellorar a túa saúde.



Relaxada, Moderada, Segura

Con tempo suficiente para atenderte. Facer cousas á presa, sen tempo, pode ser perigoso para túa saúde.



Adaptada

Con flexibilidade de horarios e organización para cada situación e para cada comarca. Non valen os mesmos horarios para o rural que na cidade, para os nenos e os maiores...



Continua, Estable,

¿Sabíades que manter o mesmo médico durante 15 anos diminúe a carga de enfermidade e mesmo a mortalidade nun 25% respecto os que son atendidos por distintos profesionais? Moitos xa o sospeitabades e volviades para casa cando o teu médico non está, agora sabemos que e bó para a vosa saúde e expectativa de vida.



Próspera e Resolutiva

Que poida darche cita co profesional máis axeitado a túa necesidade e con recursos humanos e materiais que poidan aumentar a capacidade de solucionar os teus problemas.



Conectada ca comunidade

As veces as solucións non son medicinas e hai moito que aproveitar dos activos que hai no barrio, no concello..



Educadora

Con profesionais formados que te axuden a tomar boas decisións no teu autocoidado



E Presumida

Na Atención Primaria que queremos para ti, con pouca inversión máis podemos facer moito. Somos moi eficientes e seremos máis!